

Estamos ante un período excepcional de confinamento nas casas como medida de contención adoptada polo goberno do noso país para facer fronte á pandemia do coronavirus.

Estos días serán un gran reto para a vida familiar pero tamén poden converterse nunha gran oportunidade para corresponsabilizar aos nen@s promovendo a súa participación na organización dos horarios e das rutinas familiares.

É importante manter estas rutinas na medida do posible, aínda que haberá que ser flexibles e ter grandes dosis de paciencia e empatía para non deixarse gañar polo desánimo.

- Unha estratexia útil e participativa pode ser a creación dun calendario con debuxos e franxas horarias para establecer os tempos adicados a cada tarefa xunto coas persoas implicadas nas mesmas.
- Somos conscientes de que organizar tarefas non sempre é doado, por iso tamén é fundamental adicar momentos para a estimulación do xogo libre o máximo tempo posible, xa que é a partir deste cando os nen@s crecen e se desenvolven con saúde e con máis naturalidade. Unha boa maneira de estimular este tipo de xogo é dispor de xogos preparados, por diferentes rincóns de actividades e acompañalos de música ambiental relaxante a fin de axudar á fluidez do xogo e á concentración dos propios nen@s.
- E como non, realizar o traballo escolar demandado desde os centros baixo unha correcta e natural planificación para non terminar todos agobiados.

Seguindo estas sinxelas pautas de carácter xeral teremos moito terreo gañado e conseguiremos ir introducindo outras moitas ideas máis específicas e creativas que farán que os nosos días de confinamento se convertan en días divertidos, con infinidade de oportunidades para aprender, crecer e convivir con bo humor entre todos.

Aquí vos deixamos setenta destas grandes ideas coas que facer destes días os mellores.